




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Noia e Lousame ao sueste. Parroquias: en Noia Santa Cristina de Barro ao norte, San Martiño de Noia ao noroeste, Santa María de Argalo ao sudoeste e Santa Mariña do Obre, no centro oeste; en Lousame San Pedro de Tállara, ao sueste. Extensión: 14,7 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Zona baixa de esteiro que penetra en terra guiada pola disposición dominante do relevo (NNO a SSE) e continúaase ao leste a través do val do río de San Xusto, e a través da chaira litoral sucada polo río Tállara, ao sueste. As elevacións montañosas desta unidade, están formadas de materiais metamórficos e dispóñense formando tres aliñacións paralelas, pero discontinuas, xa que a presenza de liñas de falla e o seu entrecruzamento ortogonal permite o encaixamento dos cursos fluviais no relevo.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Materiais en bandas irregulares (orientación NNO a SSE). De O a E: Ao O da enseada de Noia, granodiorita precoz herciniana con megacristais, contando ademais con granito herciniano de dúas micas (Tipo Barbanza). Inclúense enclaves de ortogneis biotítico blastomilonítico, materiais de metamórficos da Unidade de Noia (Precámbrico-cámbrica) e doutras rochas hercinianas. O sector central e SE presenta o ortogneis biotítico, con bandas internas xistosas da Unidade de Noia, unha de gran dimensión ao O do esteiro de Noia e do curso baixo do Rego de Tállara, e incluíndo numerosos enclaves de anfíbolitas. O sector NE está dominado por metamorfitas (Unidade de Noia), xistos e paragneises. Na esquina NO área de ortogneis biotítico e na NE de xistos e cuarcitas do Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas (Precámbrico-silúrico). Tamén hai moitos enclaves de anfíbolita. O Cuaternario suma depósitos de marisma e chaira intermareal, de praia e duna da Punta do Testal, aos seus pleistocenos área.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Esteiro e vertente inclúense en do dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual maior de 14°C e amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións rexistran máximos acumulados de 1400 mm ao ano. Os contrarfortes da Serra do Barbanza, ao sur e oeste da unidade, marcan un cambio nas condicións climáticas relacionado coa altitude de modo que ao incremento nas precipitacións, do rango de 1400 mm a 1800 mm, se une un lixeiro descenso das temperaturas medias que se sitúan entre 13°C e 14°C, e por outra parte aumenta ata un grao a oscilación térmica. Este sector pertence ao ambiente climático Temperado e Moi Húmido.

#### OS SOLOS

O esteiro presenta os característicos solos asociados a procesos de sedimentación fluvio-mariña, dende as incipientes terras lamacentas tipo sapropel ata os arenosoles álbicos e fluvisoles tiónicos e sálicos nas áreas de marisma do interior. Ademais a parte baixa da unidade está moi transformada pola urbanización e construción de infraestruturas o que modificou os solos notablemente ata o punto de que son moi frecuentes os antrosolos. As ladeiras contiguas xeralmente están ocupadas por cambisoles dístricos e eútricos con usos agropecuarios e forestais, mentres que na parte alta da cunca se desenvolven solos pouco evolucionados dos tipos umbrisol e regosol, quedando cumios como o Alto de San Luís máis expostas e erosionadas con leptosoles líticos onde abundan os afloramentos de rocha.


#### AS AUGAS

A área de esteiro de Noia está alimentada pola afluencia de varios ríos ás Augas de Transición 20474, que no seu encontro conforman unha zona de marismas. Como máis destacados cabe citar o río de San Xusto, ao nordeste, que á súa vez, pola marxe esquerda, recibe as achegas dos regueiros Lameira e Pesqueira. Na boca do esteiro, ao sur, chega o regueiro Tállara; mentres que o río Vilaboa o fai dende o oeste.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Liña de costa, intermareal agás o interesante lugar da Xunqueira, protexidos polo LIC Esteiro do Tambre. Aínda que a fronte costeira está moi transformada, adquiren importancia os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais superficiais, ademais do ambiente 1210, vexetación anual sobre refugallo maríños acumulados. Na Xunqueira desenvólense 15 ha de marismas (grupo 13), e outras moito menores na Chainza, Marioñas e Testal. Os bosques de ribeira (91E0) ten bastante desenvolvemento no Río de San Xusto e Rego Tállara e, algo menos no Rego de Vilaboa, aínda que tamén aparecen pequenas formacións nas proximidades da liña de costa. En toda a unidade abundan as pequenas formacións de frondosas de recolonización. Tamén aparecen masas mixtas derivadas de antigas carballeiras (9230) e soutos (9260) en ladeiras baixas dos extremos da unidade e os vales dos ríos citados entre as aldeas e o monte. Algunhas masas de repoboación conteñen aínda sectores mixtos con frondosas autóctonas.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

As principais actividades céntranse na pesca, a agricultura e propias do sector terciario. Destaca a actividade marisqueira, o berberecho críase e recóllese nos seus areas. Noia acolle os equipamentos e infraestruturas propios dun núcleo urbano, posúe un porto pesqueiro e no seu casco histórico predomina a hostalaría. Existen zonas de recreo no bordo litoral, dende a Punta de Guindastre á de Abruñeiras. Outros núcleos existentes están vinculados ás explotacións agrarias ocupando a franxa interior da unidade. A zona elevada da unidade, que exerce de peche desta, acolle o uso forestal. A vexetación ripícola mantense nas marxes dos ríos tan só interrompida polos asentamentos á beira do esteiro. Na zona norte da unidade desenvólvese o solo industrial en polígonos e naves illadas. Ao sur sitúase unha escavación a ceo aberto.

#### MORFOLOXÍA

A morfoloxía desta unidade é a conferida polo núcleo de identidade litoral de Noia, situado sobre a planicie costeira que configura o esteiro do río Tállara sobre o tramo final do val do río San Xusto, caracterizado polo seu asentamento histórico a beiras deste, un dos núcleos de centralidade funcional na ría de Muros-Noia. Na súa periferia xorden edificacións que se foron levantando ao longo das vías de comunicación. Así mesmo, existe unha orla de pequenos asentamentos que se foron integrando no conxunto urbano de Noia. Así, na beira oposta do esteiro atopámonos cun destes escenarios no que se mesturan edificacións de carácter rural e novas construcións que non responden á morfopoloxía do núcleo orixinal. No extremo suroeste destaca outro asentamento, A Igrexa e Noia, que foron categorizadas como NIL.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 transcorre polo litoral enlazando as distintas poboacións da comarca. As vías AC-5705, AC-5706 e AC-5708 enlazan os núcleos pola entrada oeste de Noia. Ao chegar ao núcleo de Noia, a AC-550 ramifícase formando unha complexa rede viaria do seguinte xeito: Ao sur as estradas AC-5708, AC-3101 dirección a Boiro e a AC-1104. Unha vez atravesado o núcleo urbano de Noia saen outras en dirección Norte, a AC-310, AC-5704, AC-5703. E cara ao leste as estradas AC-301, AC-308, AC-4202 e AC-4201, e a AC-311 que dá acceso ao polígono de Agualevada. Na zona de espaxamento entre as puntas Guindastre e Abruñeiras hai un carril-bici, un paseo peonil e unha pasarela de madeira bordeando a liña costeira.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O abundante patrimonio cultural repartido entre as parroquias de Argalo, Barro e Obre constitúeno numerosas casas, ermidas, cruceiros, fontes e lavadoiros, e os Pazos repartidos polo casco histórico. O casco histórico de Noia foi declarado conxunto Histórico-Artístico en 1985. Destacan outros Bens de Interés Cultural como a igrexa parroquial de San Martiño de Noia formando un conxunto arquitectónico na praza do Tapal, a igrexa de Santa María A Nova, e dentro do casco histórico a casa nº 32 do S. XV na rúa Oviedo Arce. Tamén sobresaen numerosos exemplos de arquitectura industrial como antigas curtidurías, algunhas destas industrias relacionadas co sector marítimo pesqueiro como a conserveira "La Noyesa" ou as ruínas dos astaleiros de O Guindastre e A Hermida, por outra banda destacan os numerosos muíños de auga para moer cereais. O patrimonio arqueolóxico repártese entre os municipios de Noia e Lousame con abundantes mámoas, os castros de Couto de Vilaboa e Eiras do Castro. E o mosteiro de San Francisco. As festas populares máis representativas son en honra á Virxe do Carme, San Bartolomé, San Luís e San Roque.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

Noia, capital da comarca atópase situada ao sur da desembocadura do río Tambre, no punto máis interior da ría. Orixinariamente a poboación dedicábase ás actividades marítimo pesqueiras e co tempo tamén experimentou unha forte vinculación con Santiago de Compostela, exercendo de nexo de unión entre a capital e a ría de Muros e Noia. Destaca o seu casco histórico de orixe medieval. O resto da unidade ten un marcado carácter rural.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A singularidade desta paisaxe radica na súa condición de esteiro ao comezo da ría de Muros e Noia no que se asenta o núcleo de identidade litoral de Noia. Dende o alto dos montes que rodean a chaira litoral a perspectiva que ofrecen as montañas e a rede de drenaxe sobre o val parece apuntar ao mesmo punto. Dende o cumio de Cota das Ladras obtense unha boa visión do conxunto da unidade. Dotado dun gran potencial ecolóxico pola súa inclusión da liña costeira dentro do LIC Esteiro do Tambre e tamén na Rede de Espazos Naturais e na Rede Natura 2000. Engadir a todo isto o abundante patrimonio cultural repartido entre as parroquias de Argalo, Barro e Obre, constituído entre a arquitectura civil e relixiosa. O casco histórico de Noia foi declarado conxunto Histórico-Artístico en 1985. O patrimonio arqueolóxico repártese entre os municipios de Noia e Lousame con abundantes mámoas, os castros de Couto de Vilaboa e Eiras do Castro. E o mosteiro de San Francisco. As festas populares máis representativas son en honra á Virxe do Carme, San Bartolomé, San Lois e San Roque. Destaca a excepcional panorámica desde o Monte San Lois sobre esta unidade, que debería proceder a recuperarse, debido a que a vexetación existente oculta esta parte de la conca visual.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de recualificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

#### Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía










#### Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros





#### Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
<b>Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral</b>
<i>Praia / Playa</i>
<i>Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve</i>
<i>Toponimia de costa / Toponimia de costa</i>
<b>Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico</b>
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












#### Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria	 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto	 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril	 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías	 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras	 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR	



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, huso 29

